



Resolución do 16 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se amplía a resolución de 27 de novembro de 2017 de convocatoria do programa denominado BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS, no relativo as accións “Voluntariado de Lectura-A” e “Selo Biblioteca Escolar Solidaria” para o curso 2017/2018.

Con data 27 de novembro de 2017, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos facía pública, a través do Portal Educativo, a resolución mediante a que se convocaban as diferentes accións integradas no programa Bibliotecas Escolares Solidarias, destinado aos centros públicos de nivel non universitario e de titularidade desta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2017/2018.

O programa **Bibliotecas Escolares Solidarias** intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social e contempla varias iniciativas que se resumen no seguinte cadro:

	Iniciativa	Finalidade	Características
1	Concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”	Recoñecer a bibliotecas que traballan de forma salientable a compensación de desigualdades e fomentan o voluntariado cultural entre os integrantes da comunidade escolar.	<ul style="list-style-type: none">✓ Convocatoria anual.✓ Presentación de memorias por parte dos centros interesados: 10 de maio de 2018.✓ Os centros con sello concedido en convocatorias de 2014 ou 2015 deben renovar a súa candidatura.✓ Concesión dos selos (un máximo de 15 selos por curso escolar)
2	Voluntariado na biblioteca escolar (Secundaria)	<ul style="list-style-type: none">✓ Reconecemento de horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes.✓ Destinado a alumnado de ESO, BAC, FP ou ensinanzas de réxime especial.	<ul style="list-style-type: none">✓ As bibliotecas escolares deberán adherirse ao programa no momento que se estipule e levar rexistro das actividades do alumnado (data límite: 21/12/2017).✓ Remitir datos alumnado (data límite: 31/05/2018)
3	Voluntariado de lectura - A (Primaria)	Estimular o voluntariado cultural relacionado coa biblioteca e a lectura entre o alumnado de 5º e 6º de primaria.	<ul style="list-style-type: none">✓ Inscripción con data límite 21/12/2017✓ Os centros inscritos presentarán memoria de actividades (data límite 25/04/2018).✓ Seleccionaranse un mínimo de 8 experiencias. Concreción en convocatoria complementaria (febreiro-marzo de 2018).

Vistas as necesidades observadas no desenvolvemento de dúas destas iniciativas, **“Voluntariado de lectura-A” e Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”** cómpre ampliar a devandita convocatoria a efectos de concretar algúns aspectos da mesma.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura en contexto educativo, dispón:

Apartado 1: Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”.

1. O obxecto desta acción recoñecer o traballo das comunidades educativas a prol dunha biblioteca escolar atenta ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento.
2. O apartado 2, punto 4, da Resolución de 27 de novembro pola que se convoca o programa Bibliotecas Escolares Solidarias para o curso 2017/2018 recolle a



posibilidade de acompañar a concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” dun apoio económico.

3. **Amplíase** a devandita resolución co fin de concretar a asignación que poderá recibir cada unha das bibliotecas escolares que resulte recoñecida con este distintivo. **Destínase un importe global de 22.500€ a esta iniciativa**, con cargo á partida orzamentaria 10.60.423A.640.5 dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2018.
4. Rematado o prazo para a presentación de candidaturas para a obtención do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria”, ou para a renovación do selo xa concedido a través das convocatorias de 2014 e 2015, tal como recolle o punto 3 do apartado 2 da resolución do 27 de novembro, a comisión de valoración contemplada no mesmo apartado 2, punto 4, presentará unha proposta a esta dirección xeral para a concesión dun máximo de 15 selos, cunha asignación de 1.500€ por cada selo, que deberá destinarse á actividades da biblioteca escolar no ámbito da atención da diversidade, que faciliten avances na configuración dunha biblioteca inclusiva.

Apartado 2. Voluntariado de lectura A

1. O obxectivo desta acción é estimular o voluntariado cultural en relación coa lectura entre o alumnado dos centros de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que matriculan alumnado de **5º e 6º cursos de ensino primario**.
2. **Amplíase** a resolución de 27 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no referente a esta iniciativa, co fin de concretar, de conformidade co previsto no apartado 4.4), o número de centros (un máximo de 10), seleccionados polo interese e calidade das súas actividades, unha vez vistas e valoradas as memorias de actividades que os 70 centros inscritos nesta iniciativa deberán enviar antes do 25/04/2018, así como as actividades coas que se premia a dinámica de traballo voluntario por parte do alumnado destes centros seleccionados.
3. Esta proposta intégrase como iniciativa de voluntariado nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. O alumnado directamente implicado e responsable das actividades de voluntariado de lectura e de atención á biblioteca escolar, de todos os centros inscritos no seu momento, recibirá un diploma pola súa colaboración como acción de voluntariado cultural, así como material divulgativo e de apoio ao programa.
4. Os custos derivados das actividades previstas como premio para o alumnado voluntario dos centros finalmente seleccionados, así como outros gastos ocasionados no desenvolvemento desta iniciativa, xestionaranse a cargo da partida orzamentaria 10.60.423A.640.5 destinada a programas de atención á biblioteca escolar, **por un máximo de 20.000€**, do orzamento xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o ano 2018.
5. A efectos de avaliación das memorias de actividades presentadas constituirase unha **Comisión de Valoración**, baixo a presidencia do director xeral de Centros e



Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, que estará integrada polos seguintes membros:

- A Subdirectora Xeral de Centros.
- O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.
- A xefa do Servizo de Voluntariado e Participación, ou persoa en quen delegue.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaboración na valoración das memorias de actividades.

Esta comisión, revisadas as memorias presentadas, elaborará unha proposta provisional cun máximo de **10 centros**, seleccionados polo interese e calidade das actividades realizadas ao longo do curso escolar. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resloverá a convocatoria, que será publicada no Portal Educativo. Esta resolución será comunicada a través do correo electrónico a todos os centros participantes, e a partir dese momento iniciaránse os contactos cos centros seleccionados para organizar a realización, no propio centro, dun obradoiro específico destinado ao alumnado voluntario participante da iniciativa. Este obradoiro, a cargo dun ou dunha profesional, poderá estar relacionado coa narración oral, a lectura expresiva, a elaboración de *booktrailers*, os xogos cooperativos e tradicionais ou a música e danza tradicionais, entre outras posibilidades relacionadas coa lectura e a cultura en xeral. A través da Asesoría de bibliotecas escolares, desde onde se realiza o seguimento do programa concretarase con cada centro o obradoiro correspondente (en función do número de alumnado voluntario, as características do centro e as preferencias manifestadas), así como as datas de celebración (sempre antes do 16 de xuño de 2018).

Tal e como se recolle no apartado 4.4 da resolución de 27 de novembro de 2017, un centro non poderá ser seleccionado dous anos consecutivos, polo que aqueles centros seleccionados na convocatoria do curso 2016/2017, non aparecerán entre os centros galardoados. Recoméndase, aínda así, que se remitan as memorias de actividades correspondentes, a efectos de emisión dos diplomas ao alumnado voluntario.

6. Para a selección dos centros mencionada no apartado anterior valoraranse as memorias entregadas, en prazo e forma, cun máximo de 10 puntos en función dos seguintes aspectos:

- Calidade, diversidade das actividades, grao de continuidade, así como coherencia en relación co obxecto da presente convocatoria (4 puntos).
- Difusión das actividades a través da rede: blogue da biblioteca, páxina web do centro ou doutros medios, ao longo do ano académico (1 punto).
- Grao de autonomía alcanzado polo alumnado na organización e desenvolvemento das actividades realizadas (que se detallará na memoria; 2 puntos).
- Compromiso do profesorado responsable e implicación da comunidade educativa no seu conxunto (que se poñerá de manifesto na descripción da organización e funcionamento das actividades realizadas; 1,5 puntos).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

- Número total de alumnos e alumnas implicados directamente nas actividades descritas, non como beneficiarios, senón como protagonistas activos no deseño, organización e desenvolvemento das actividades (1,5 puntos).
7. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá elaborar un breve informe que difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispoñer e publicará información, así mesmo, sobre aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas, incidindo no alcance destas actividades na educación para a solidariedade e o espírito de voluntariado do alumnado galego, así como a súa contribución no desenvolvemento de competencias clave.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

JOSE MANUEL PINAL RODRÍGUEZ